

GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS PARA EVITAR A CHEGADA DE LIXO AO MAR



Acción gratuita
cofinanciada polo FEMP


Esta ***“Guía de boas prácticas para evitar a chegada de lixo ao mar”*** elabórase enmarcada dentro da ***“Rede para a recuperación dos ecosistemas mariños do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia”***, un proxecto promovido polo **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia** e polo **Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia** actuando como socio. Así mesmo, devandito proxecto conta coa colaboración da **Fundación Biodiversidad**, do **Ministerio para la Transición Ecológica**, a través do programa **Pleamar del Fondo Europeo Marítimo y de Pesca (FEMP)**, dentro dunha iniciativa enmarcada no proxecto **LIFE IP INTEMARES “Gestión integrada, innovadora y participativa de la Red natura 2000 en el medio marino español”**.

A relación de boas prácticas que se inclúe neste documento é o resultado das opinións recollidas durante a celebración dunha serie de mesas de traballo sectoriais, como parte das accións da ***Rede para a recuperación dos ecosistemas mariños do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia***.

As opinións e documentación que se achegan nesta publicación son de exclusiva responsabilidade dos autores das mesmas, e non reflicten necesariamente os puntos de vista das entidades que apoian economicamente o proxecto.

Esta publicación atópase enmarcada dentro dun proxecto cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.

GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS PARA EVITAR A CHEGADA DE LIXO AO MAR

- 
- | | |
|---|---------|
| 1) AO COMPRAR | páx. 4 |
| 2) NA PRAIA, NO RÍO, NA NATUREZA | páx. 6 |
| 3) NUN BARCO DE RECREO, DEPORTIVO OU DE PESCA | páx. 9 |
| 4) NO PORTO, CLUB NÁUTICO, LONXAS E
OUTRAS INSTALACIÓNS PORTUARIAS | páx. 12 |
| 5) EN BARES E CHIRINGUITOS | páx. 18 |
| 6) NAS FEIRAS AMBULANTES | páx. 20 |
| 7) EN BATEAS E OUTRAS INSTALACIÓNS DE ACUICULTURA | páx. 23 |
| 8) NO TRANSPORTE MARÍTIMO | páx. 24 |
| 9) EN BARCOS DE PASAXEIROS | páx. 25 |

GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS PARA EVITAR A CHEGADA DE LIXO AO MAR

1) AO COMPRAR

Como cidadá(n)

1. Selecciona produtos fabricados con criterios de **economía circular**, ecorresponsables etc.
2. Planifica a túa viaxe e toma decisións de compra responsables: evita produtos con embalaxe plástica innecesaria ou sobreembalaxe, monodoses etc., e **procura produtos con materiais reciclados ou compostables, a granel, tamaño familiar** etc.
3. Evita os produtos plásticos dun só uso, e **interioriza a redución, a reutilización e a reciclaxe na decisión de compra**.
4. **Xestiona os teus produtos hixiénicos** (bastonciños, toallíñas, compresas e similares) **na papeleira**.
5. **Revisa a composición dos teus produtos estéticos**: existen cremas, aceites e exfoliantes que adoitan incluír microplásticos na súa composición.

GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS PARA EVITAR A CHEGADA DE LIXO AO MAR

1) AO COMPRAR

Como organismo ou entidade competente

1. Promove políticas de cambio de acordo á lexislación sobre os materiais plásticos dun só uso, fomenta os sistemas de depósito e retorno, as políticas de ecodeseño e innovación, os produtos ecorresponsables e a economía circular na fabricación.
2. Realiza campañas informativas sobre o proceso de xeración de lixos mariños e os axentes implicados no proceso.



2) NA PRAIA, NO RÍO, NA NATUREZA

Como cidadá(n)

1. Evita o uso dos produtos plásticos dun só uso, monodoses e aqueles con sobreembalaxe plástica, especialmente nestes lugares.
2. Vixía todos os accesorios (pelotas, chancletas, bolsas etc.) e envases que tes para que non se perdan e cheguen ao mar.
3. Non tires cabichas, paus de xeadado, tapóns, papeliños, botellas, produtos cosméticos... na area, río, mar etc.
4. Xestiona os teus residuos de modo responsable: leva contigo o que che sobre ou déixao nas papeleiras (zona portuaria ou zona urbana) destinadas a tal fin se non están cheas.



2) NA PRAIA, NO RÍO, NA NATUREZA

Como cidadá(n)

5. Colabora divulgando e informando das boas prácticas para evitar a xeración de lixos mariños.
6. Participa en campañas de limpeza das contornas naturais das que gozas.



2) NA PRAIA, NO RÍO, NA NATUREZA

Como organismo ou entidade competente

1. Informa aos visitantes das normas existentes para evitar a xeración de lixos mariños.
2. Na praia, realiza unha limpeza selectiva, procurando non eliminar recursos alimenticios, por exemplo, os da Píllara das dunas.
3. Coloca contedores de recollida selectiva de lixo nas zonas de maior acumulación de visitas, como no lugar de saída dos barcos de pasaxeiros que visitan o parque. Planifica unha recollida periódica segundo a afluencia do público.



3) NUN BARCO DE RECREO, DEPORTIVO OU DE PESCA

Como cidadá(n)

1. Informa á túa tripulación das boas prácticas para evitar a xeración de lixos mariños. **Non tires pola borda cabichas, envases de bebidas nin doutro tipo, tapóns, plásticos nin restos de carnaza ou cebo**, xestiónaos como un residuo máis.
2. Organiza a túa carga: **separa os residuos no barco para facilitar a xestión posterior** (minicontedores, bolsas de diferentes cores etc.)



3) NUN BARCO DE RECREO, DEPORTIVO OU DE PESCA

Como cidadá(n)

3. Selecciona e demanda aparellos ou artes de pesca fabricados con outro tipo de **materiais máis respectuosos coa contorna**.
4. **Vixía os teus aparellos e informa se os perdes** para facilitar a súa recuperación.
5. **Xestiona os teus residuos ao chegar a porto**, non os tires pola borda.
6. **Xestiona os residuos** xerados durante os teus servizos e **operacións de mantemento e limpeza**, incluídas as augas residuais e os residuos distintos dos do cargamento, de acordo co Convenio MARPOL.



3) NUN BARCO DE RECREO, DEPORTIVO OU DE PESCA

Como organismo ou entidade competente

1. Nos permisos de navegación e fondeo, **inclúe información para previr a xeración de lixos mariños.**



4) NO PORTO, CLUB NÁUTICO, LONXAS E OUTRAS INSTALACIÓNS PORTUARIAS

Como cidadá(n)

1. **Infórmate sobre como xestionar os teus residuos** (perigosos/asimilables a urbanos etc.) a través dos carteis existentes. Se esta información non está visible, solicítala.
2. **Non vertas líquidos ás dársenas:** os que conteñan substancias perigosas (pinturas, aceites etc.) ou sexan augas residuais deben depositarse nos puntos de recollida habilitados pola instalación.
3. **Utiliza os contedores de separación do porto para mellorar a xestión dos residuos.** Os residuos considerados perigosos (aceite, baterías, filtros de aceite, pintura, trapos impregnados, envases baleiros que contivesen substancias perigosas, disolventes, tóner e fluorescentes) non se deben arroxar nunca aos contedores de residuos urbanos e asimilables, senón que deben depositarse nos puntos de recollida habilitados pola instalación.

4) NO PORTO, CLUB NÁUTICO, LONXAS E OUTRAS INSTALACIÓNS PORTUARIAS

Como cidadá(n)

4. Xestiona correctamente os palés, caixas de transporte, poliespán, embalaxes de peixe etc., e evita que acaben no mar. Non esquezas pechar os contedores de depósito, ao levar restos de pesca son atractivos para as aves portuarias e, ademais de ser prexudiciais para elas, poden acabar converténdose en lixos mariños.



4) NO PORTO, CLUB NÁUTICO, LONXAS E OUTRAS INSTALACIÓNS PORTUARIAS

Como cidadá(n)

5. Xestiona correctamente os residuos de reparación de redes e utensilios de pesca, non os tires nos contedores de residuos urbanos.
6. Durante a limpeza da túa embarcación, evita, na medida do posible, o uso de produtos agresivos ou deterxentes perigosos para a vida mariña. É importante que leas as etiquetas.
7. Evita a acumulación de aparellos ou ferramentas nos peiraos, utiliza as zonas de almacenaxe.
8. Non tires os envases nin os restos de carnaza ou cebo, xestiónaos como un residuo máis.



4) NO PORTO, CLUB NÁUTICO, LONXAS E OUTRAS INSTALACIÓNS PORTUARIAS

Como entidade competente

1. Inclúe un **punto de información** (teléfono, correo electrónico, web, redes sociais etc.) dirixido aos teus usuarios sobre a xestión dos residuos ou sobre como actuar en caso de accidente.
2. **Habilita un lugar para almacenaxe e residuos de útiles de carga e descarga de peixe:** caixas de xeo, palés etc.



4) NO PORTO, CLUB NÁUTICO, LONXAS E OUTRAS INSTALACIÓNS PORTUARIAS

Como entidade competente

3. Inclúe contedores específicos para residuos de reparación de redes e utensilios de pesca, evita que se queimen ou se arroxen ao mar.
4. Habilita un depósito para as esponxas das barreiras anticontaminación tras unha vertedura accidental. Asegúrate de incluír a xestión destes residuos co teu xestor autorizado.



4) NO PORTO, CLUB NÁUTICO, LONXAS E OUTRAS INSTALACIÓNS PORTUARIAS

Como entidade competente

5. Fomenta os hábitos de limpeza e mantemento entre os usuarios, inclúe normas ou boas prácticas asociadas ao uso, revisións, recoñecementos públicos etc.
6. Realiza unha “Campaña de boas prácticas desde o porto”: con accións de mellora do equipamento, como unha maior dotación de contedores de recollida selectiva, e tamén de accións informativas dirixidas aos pescadores ou aos usuarios xeradores de residuos potencialmente convertibles en lixos mariños.
7. Acredita a xestión dos residuos dos usuarios de calquera servizo do porto.



5) EN BARES E CHIRINGUITOS

Como cidadá(n)

1. Solicita bebidas en envases retornables.
2. Rexeita o uso de produtos dun só uso, como vasos, pratos, pallas e envases monodoses, sobre todo se son de plástico.
3. Sé responsable de deixar no establecemento as embalaxes dos xeados, botellas plásticas, tapóns etc.
4. Utiliza as papeleiras de separación.



5) EN BARES E CHIRINGUITOS

Como propietario/a

1. **Diferénciate pola sustentabilidade:** non fornezas produtos dun só uso, utiliza envases retornables, a granel, evita os sets individuais de plástico e envoltos en plástico etc.
2. **Favorece a separación dos residuos:** comunica aos teus clientes o teu compromiso coa sustentabilidade e fomenta que, entre todos, se evite a xeración dos lixos mariños.



6) NAS FEIRAS AMBULANTES

Como cidadá(n)

1. Organiza a túa compra: **leva as túas propias bolsas**, non consumas bolsas plásticas.
2. Como vendedor: **non fornezas bolsas plásticas**.
3. **Fomenta a feira ambulante sustentable**: xestiona os teus residuos correctamente.



6) NAS FEIRAS AMBULANTES

Como xestor/a


1. Crea unha campaña informativa de boas prácticas para os clientes e os feirantes para evitar o consumo de bolsas dun só uso e outros produtos similares coa consecuente xeración de lixos mariños.
2. Amplía a dotación de contedores para favorecer a xestión dos residuos que se xeren.



6) NAS FEIRAS AMBULANTES

Como xestor/a

3. **Promove o cambio de hábitos:** fomenta o uso de bolsas de papel e informa sobre alternativas a produtos dun só uso ou de materiais compostables. Fomenta a recollida dos residuos trala finalización.
4. Valora **incluír, no permiso de instalación dos feirantes, unha taxa pola xestión dos residuos dos postos** que se devolverá unha vez deixen recollido o posto trala feira.



7) EN BATEAS E OUTRAS INSTALACIÓNS DE ACUICULTURA

Como propietario/a

1. Asegura os teus materiais para evitar a súa perda e que non se convertan en lixos mariños. Nos tratamentos á batea, utiliza produtos inocuos ou realízalos coa batea fóra da auga.
2. Pon especial coidado nas manobras de izado de cordas para evitar a perda de palillos.
3. Convértete nun acuicultor sustentable: cambia os materiais plásticos por outros que non causen impacto no medio mariño. Non acumules materiais innecesarios (recipientes, contedores, cabos, caixas etc.), xa que poden ser arrastrados ao mar e converterse en lixo.

Como entidade competente

1. Fomenta o cambio de materiais na acuicultura.
2. Informa e acompaña ao sector no cambio de materiais na acuicultura.



8) NO TRANSPORTE MARÍTIMO

Como propietario/a


1. **Xestiona os residuos xerados durante os teus servizos**, así como nas túas operacións de mantemento e limpeza, incluídas as augas residuais e os residuos distintos dos do cargamento, de acordo co Convenio MARPOL.



9) EN BARCOS DE PASAXEIROS

Como pasaxeiro/a

1. Antes de embarcar, **infórmate sobre as normas existentes e viaxa de acordo a elas** ao destino ao que te dirixes.
2. **Non transportes innecesariamente produtos xeradores de envases nin residuos.**
3. **Vixía todos os accesorios** (gorros, pelotas, chancletas, bolsas etc.) **e envases que tes para que non se perdan e cheguen ao mar.**
4. **Non tires pola borda cabichas, envases de bebidas nin doutro tipo, tapóns, etc.** Utiliza os contedores de separación da embarcación e, en caso de non habelos, solicítaos.



9) EN BARCOS DE PASAXEIROS

Como propietario/a

1. Informa aos teus pasaxeiros das boas prácticas para evitar a xeración de lixos mariños. Inclúe a información nos billetes, en carteis no barco, a través de anuncios durante a travesía, nas túas redes sociais etc.
2. Diferénciate, **xestiona o teu negocio de xeito sustentable**: selecciona materiais sustentables e respectuosos coa contorna, compra produtos locais, comunica os teus valores de sustentabilidade aos teus clientes, xestiona correctamente os teus residuos, fomenta en conxunto unha política de **excursións responsables**.

